

# SERMOS GALIZA

## O Parlamento de Escritoras da AELG ofrece un duro diagnóstico sobre as liberdades civís

Daniel Salgado | 04 de Abril de 2019



As

Participantes no Parlamento de Escritoras e Escritores da AELG. Foto: Distrito Xermar.

escritoras e escritores que, o 15 e o 16 de marzo, se xuntaron en Pontevedra para debater sobre identidade, dereitos civís e escrita veñen de elaborar un documento de conclusión en que ofrecen un duro diagnóstico da situación no Estado. O neoliberalismo, a violencia, as migracións ou o esmorecemento do galego son algúns dos obxectos da súa ollada crítica.

O mencionado texto remata ademais cun chamado de tres puntos: o sobresemento definitivo da causa contra os 19 activistas imputados por ocupar simbolicamente o pazo de Meirás, a liberdade dos presos e presas políticos e o retorno das exiliadas, e a derogación da Lei Mordaza. “Reflexionamos nun momento de especial gravidade no relativo á vulneración na Galiza e no Estado español de dereitos culturais, sociais e políticos”, afirma a **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega**, organizadora do encontro.

[Estruturado en seis mesas](#) e con participantes chegados de Portugal, Euskadi ou Catalunya, nelas tratouse unha especie de estados xerais da sociedade e o papel de escritoras e escritores nela. “O neoliberalismo é unha nova racionalidade política, unha nova subxectividade, que succionou a soberanía dos pobos”, analizou o debate titulado *Liberdades civís e dereitos nacionais*, que atendeu o caso concreto de **Ómnium Cultural**, a asociación catalá cuxa directiva **Clàudia Pujol** interveu nas discusións.

*Feminismos. Identidades* felicítouse de que en Galiza exista “unha escrita feminista consolidada”, reclamou “ter en conta” a tradución na configuración dela e a “construción dunha nova masculinidade que refugue a violencia, a agresividade e a non expresión das emocións”. *Desposesión da terra e da identidade* ocupouse

das migracións contemporáneas e, de maneira tanxencial, da precariedade constitutiva das novas relacións laborais: “Existe unha xeración moza que non pode realizar na propia terra un proxecto laboral, familiar nin vital”.

Sobre as diferentes faces da violencia e o seu carácter estrutural, o parlamento avanzou algunhas hipóteses. A máis dura, a seguinte: “Asistimos a unha actualización das formas de violencia por parte do Estado que fai concluír que esta violencia é institucional e está institucionalizada”. “Non existe un sistema literario galego suficientemente normalizado”, asegurou a palestra *Lingua e patrimonio cultural*, que alertou sobre “unha cultura institucional encuberta tras unha falsa liberdade que desactiva unha cultura rica e viva”.

A situación da lingua galega atravesou non poucas das discusións. E as perspectivas das autoras e autores non son nada amábeis. “Na vida cotiá, o galego oral e o escrito vai camiño de selo só en contextos cerimoniais. Ou esiximos o cumprimento estrito das leis sobre os dereitos lingüísticos e participamos activamente no uso normal na sociedade ou axiña o galego será, na práctica, unha lingua morta”, afirmaron.

A preocupación pola homoxeinización dos imaxinarios culturais foi o eixo da sexta mesa redonda, *Cultura, medios de comunicación e poderes*. “En Galiza cómpre resaltar que se está inviabilizando a posibilidade de que haxa unha industria cultural galega por circunstancias relacionadas cunha lingua e unha cultura minorizadas e polo desinterese dos poderes maioritarios”, sintetizou.

[O Parlamento de Escritoras da AELG](https://www.aelg.gal/actividades/parlamento-de-escritoras/2019/3/15/parlamento-de-escritoras-identidade-e-dereitos-civis-desde-a-escrita) contou co apoio do **Concello de Pontevedra** e da organización de dereitos de autor **Cedro**. Os nomes dos participantes nos diferentes debates pódense consultar nesta ligazón: <https://www.aelg.gal/actividades/parlamento-de-escritoras/2019/3/15/parlamento-de-escritoras-identidade-e-dereitos-civis-desde-a-escrita>

**Podes ver este artigo na próxima dirección**